


Melenisima La ciudadana china Dai Yueqin muestra su cabello de 4.2 metros de largo. La mujer, que reside en la provincia de Tongxiang, lleva 26 años sin cortarse el pelo que comenzó a dejar crecer a los 16.



**CON OLLOS
MATEMÁTICOS**

EDUCACIÓN INFANTIL 5 ANOS



**¿CAL É O N° DE
ZAPATO DA PROFE
ANA?**

Actividade	Adiviña: ¿que número de zapato usa a profe Ana?
Nivel	Educación Infantil 5 anos (2004-2005) Titora: Ana Castro
Obxectivos	<p>-Descubrir que nós tamén levamos no noso corpo obxectos con números e que finalidade teñen.</p> <p>-Comparar o número de zapato dos nenos/as da clase e a medida da planta do pé.</p> <p>-Facer predicións, unha vez observado o nº que usan os nenos e nenas, sobre o nº que usarán as profes Ana e Mayca.</p>
Organización	<p>Tempo: 3 sesións de 40 -50 minutos</p> <p>Espazo: aula de 5 anos</p> <p>Materiais: cartolinas, rotuladores</p> <p>Agrupamento: parellas-gran grupo-individual</p>
Desenvolvemento das actividades	<p>1ª sesión</p> <p>-Xa que estamos á busca de números por todas partes, ¿habrá números no noso corpo? Axiña asentiron: nas camisetas, nos zapatos... Pregunteilles para que servían e todos estiveron de acordo en que eran para saber cal camiseta ou zapato tiñas que comprar.</p> <p>- Por parellas, marcan nunha cartolina a planta dos dous pés do/a compañeiro/a e este/a escribi-lo seu nome e o seu número de zapato.</p> <p>-Coloco as sobreplantas á vista de todos/as e comparamos o tamaño das mesmas e o número correspondente, ¿quen usa o nº de zapato máis grande? ¿por que pensades que é o máis grande? ¿e o máis pequeno? ¿por que? ¿o/a que usa o nº máis grande ten a sobreplanta máis grande ou non? ¿por que?</p> <p>2ª sesión:</p> <p>-Propóñolles resolver unha adiviña: Observamos os números de zapato que usades vós, ¿cal pensades que usarei eu? ¿teño o pé máis grande ou máis pequeno ca vós?</p> <p>- Individualmente escriben o que eles/elas pensan.</p> <p>-Posta en común: antes de comprobalo, ¿considerades que alguén está equivocado/a? ¿por que?</p> <p>3ª sesión</p> <p>- Doulles a solución á adiviña: “Eu uso o nº de zapato 36”. E propóñolles outro reto: ¿que número usará a profe Mayca, maior ou menor? ¿por que?</p> <p>-Escriben as súas hipóteses e comprobámolo.</p>
Comentario	<p>É importante facerlles descubrir o seu vínculo individual cos números e que establezan comparacións entre eles. Aínda que non identifiquen tódolos números de dous díxitos, que os comparen, mesmo de xeito intuitivo, lévalles a ir descubriendo pouco a pouco as regras implícitas que conforman o noso sistema numérico. É de destacar que cando indicaron as predicións respecto ó nº de zapato que usa Mayca, como sabían que tiña o pé máis grande que a profe Ana, case todos/as superaron o nº 36.</p>


¿Cal é o meu número de zapato?

(Buscan o nº de zapato que teñen e intentan lelo)

- AMABLE: non ten nº no zapato pero el di que si (a marca, letras medio borradas...)
- ÁLVARO: atopa o nº (30) e le “38” ou “33”
- UXÍA: atopa o 28 e le “2 e 8”
- JAVI le como os maiores.
- IVÁN atópao (32) pero non reconece ningún número nin é quen de lelo.
- ESTELA: atópao (30) e le “el tres es el primero y el cero el segundo”
- LAURA E NICO: atópano e leno perfectamente, Nico escribe os números do revés.
- JOSE E MATEO: atópano e escríbeno ben, pero Jose le o 32 “22”
- MARCOS non ten número no zapato, debe buscar noutro na casa.
- ANTÓN atópao (27), escríbeo, e le 2 e 7.
- ISAAC atópao e cópiao ben pero, en principio, leo do revés (92)
- GUILLE idem (82)

Adiviña:

¿Cal é o número de zapato da profe Ana?



SE ANA USA O N° 36 DE ZAPATO,
¿MAYCA USARÁ MÁIS OU MENOS?,
¿QUE NÚMERO USARÁ MAYCA?

- ANTON (21)
- LIA → 38
- MIGUEL → 37

MAIS PORCE

TENO DE MAIS
GRANDE

- DIEGO - 39

- ISAAC → 40

- AMABLE → 51 (90)

- SAÚL - 88

- IAGO → 28

- GUILLE - 37

- NILO - 88

- JOSE - 39

- MARCOS - 39

- ESTELA 39

- ALVARO - 37

SE ANA USA O N° 36 DE ZAPATO,
¿MAYCA USARÁ MÁIS OU MENOS?,
¿QUE NÚMERO USARÁ MAYCA?

- JAVI - 91 (91)

- MATEO → 38

- LAURA → 39

- VANESSA - 39

- ANTON → 38 (38)

SOLUCIÓN: MAYCA USA O N° 40

Pautas de avaliación	Adiviña: ¿que número de zapato usa a profe Ana?
Nivel	Ed. Infantil 5 anos Titora: Ana Castro
	<p>Interpreta as escrituras numéricas que leva no seu corpo</p> <ul style="list-style-type: none"> • reconece a súa utilidade • non a reconece <p>Le os números do seu zapato</p> <ul style="list-style-type: none"> • le de xeito convencional • le de xeito non convencional, utilizando diferentes estratexias: le cifra por cifra (30- 3 0) le un número parecido, que el/ela coñece (32-22) inverte a orde da lectura (29-92) • non é quen de deles <p>Establece correspondencia termo a termo entre o tamaño das sobreplantas e o número de zapato correspondente</p> <ul style="list-style-type: none"> • establece relación entre maior tamaño da sobreplanta, número máis alto, menor tamaño da sobreplanta, número máis baixo • non establece dita relación <p>Fai predicións sobre os números de zapato que usarán as profes</p> <ul style="list-style-type: none"> • considerando os datos que xa coñece: nº de zapato que usan os nenos/as, que a sobreplanta da profe Ana é máis grande que a dos nenos/as, que a sobreplanta da profe Mayca é máis grande que a da profe Ana • non tendo en conta os datos coñecidos <p>Participa nas postas en común</p> <ul style="list-style-type: none"> • non participa pero se mostra interesado/a • non participa e non mostra interese • participa, afirma pero non explicita as súas hipóteses • explicita as súas hipóteses, non achegándose á realidade • explicita as súas hipóteses, achegándose á realidade <p>Implícase no traballo por parellas</p> <ul style="list-style-type: none"> • colabora, intenta chegar a acordos • adopta unha actitude pasiva • non colabora e dificulta o traballo común <p>Implícase nas tarefas individuais</p> <ul style="list-style-type: none"> • con interese e esforzo • con pouco interese e esforzo



**¿CANTO MEDIRÁ O
PELO DA MULLER
CHINESA?**

Actividade	Adiviña: ¿Canto medirá de longo o pelo da muller chinesa?
Nivel	Educación Infantil 5 anos (2004-2005) Titora: Ana Castro
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Facer predicións sobre a lonxitude do pelo dunha muller que apareceu nunha noticia, expresándoa na unidade de medida que consideren axeitada. - Consensuar cal é a unidade correcta para expresa-la lonxitude do pelo e por que. - A partir da comprobación dalgunhas estimacións de medida, predicir se serán correctas ou non as seguintes. - Determinar cal será o instrumento de medida axeitado para cada medición. - Predicir canto abranguerá despregada a cinta métrica de 50 metros.
Organización	<p>Tempo: 6 sesións de 30 minutos</p> <p>Espazo: aula de 5 anos e corredor do colexio</p> <p>Materiais: fío, regra de 50 cm, metros de 2M, 3M, 10M e 50M, rotuladores, folios, noticia</p> <p>Agrupamento: individual-gran grupo</p>
Desenvolvemento das actividades	<p>1ª sesión</p> <ul style="list-style-type: none"> - “Iago trouxo unha noticia do xornal que vos vou ler. Como vedes, esta señora que aparece na foto leva 26 anos sen corta-lo pelo. ¿Canto pensades que medirá de longo o pelo da señora?” - Cada neno/a fai a súa predición, eu anoto na pizarra o que me indica cada quen. <p>2ª sesión</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tras observar que utilizaron diferentes unidades de medida (metro, centímetro, gramos e graos), en gran grupo determinamos cales son axeitadas e cales non e por que. <p>3ª sesión</p> <ul style="list-style-type: none"> - Collemos unha regra de 50 cm e cortamos fíos que corresponden ás primeiras medicións; decidimos entre todos se acertaron ou non, comparando a lonxitude do fío coa lonxitude do pelo que aparece na foto. Unha vez que cortamos algúns fíos, predín, xa sen medir, se o resto das medidas serán axeitadas. Determinamos entre todos e todas se nos chegarán os metros que temos ou non. <p>4ª sesión</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprada a cinta de 50 M, predín canto espazo ocupará despregada. Comprobamos se acertaron. <p>5ª sesión</p> <ul style="list-style-type: none"> - Debuxan o que fixemos na sesión anterior e expresan por escrito que neno ou nena dixo a medida que máis se achega á lonxitude do pelo da señora chinesa e por que. <p>6ª sesión</p> <ul style="list-style-type: none"> - Posta en común das contestacións á pregunta formulada por escrito e se están de acordo co que argumentaron. Solución á adiviña, lendo a totalidade do texto da noticia.
Comentario	<p>Foi moi interesante que utilizasen diferentes unidades de medida para determina-la lonxitude do pelo, isto permitiunos reflexionar que non é o mesmo falar de graos, que de metros, que de gramos. Tamén pareceume moi relevante que, unha vez feitas as primeiras medicións, foran quen de prever se algún se equivocou ou non con antelación. De tódolos xeitos, é destacable como nenos que dicían na posta en común que os que falaban de moita cantidade de metros ou centímetros “se pasaran moito”, e logo, cando o puxeron por escrito individualmente, decidiron que esa era a medida correcta. Está claro que non é o mesmo realizar un razoamento coa miña mediación (Zona de Desenvolvemento Próximo) que realizalo eles/elas sós/soas sen axuda (Zona de Desenvolvemento Real)</p>

IAGO



Melenisima La ciudadana china Dai Yueqin muestra su cabello de 4.2 metros de largo. La mujer, que reside en la provincia de Tongxiang, lleva 26 años sin cortarse el pelo que comenzó a dejar crecer a los 16.

El gran huevo Un hombre toca el gigantesco huevo de Pascua realizado con chocolate de la firma belga Guylian que ha conseguido batir un nuevo récord. Numerosos ciudadanos se acercaron a contemplar la pieza.

EL PELO MAS GRANDE
MIDE 4.2 METROS
DE LA CHINA

EL HUEVO MAS GRANDE
QUE HAN VISTO JAMAS
HECHO DE CHOCOLATE

EL PELO MAS GRANDE
MIDE 4 METROS

EL HUEVO MAS GRANDE QUE
HAN VISTO JAMAS

¿Canto medirá o pelo da señora chinesa?

(Predicións a partir da fotografía e parte do texto da noticia)

- VANE, ISAAC: 11 CM
- LÍA: 12 CM
- .UXÍA: 10 CM
- GUILLE: 14°
- NICO, MARCOS E DIEGO: 100 CM
- SAÚL: 89 CM
- MATEO: 200 GR
- MIGUEL: 300 CM (“Pode ter razón”)
- ANTÓN: 50,80° (“Paseime”, “Necesitamos un metro máis longo”)
- IVÁN: 3°
- AMABLE: 2°
- ESTELA: 12°
- JAVI: 26 CM
- LAURA: 16 CM
- JOSE: 50000°
- ÁLVARO: 80000 CM (“Paseime moito”)
- ANXO: 80°

Outros comentarios:

- “Graos non pode ser porque é a temperatura (calor-frío)”
- “Gramos non pode ser porque era para pesar o millo corvo”
- ¿Metros ou centímetros?
“Metros serve para medir o longo e centímetros o alto”

Conforme íamos cortando fíos da medida que indicaron, atrevíanse a afirmar que había nenos/as que estaban trabucados porque o pelo da señora que aparecía na foto era máis longo, chegaba ó chan e daba varias curvas e que había outros que podían estar cerca da resposta axeitada.


¿Onde chegará a cinta de 50 M?

(Predicións)

“Chegará dende a porta do ximnasio ás escaleiras”	MIGUEL ESTELA LAURA MARCOS VANE AMABLE UXÍA JAVI IAGO JOSE LÍA ANXO
---	--

“Chegará dende a parede do fondo do ximnasio ata a sala de profes”	MATEO DIEGO NICO ISAAC ANTÓN GUILLE ÁLVARO IVÁN SAÚL
--	--

A predicción correcta foi a primeira. Comprobámolo estendendo unha cinta de 50 M dende a porta do ximnasio ata as escaleiras.




Debuxamos canto ocupaba
despregada a cinta de 50 M.

Unha vez comparadas as medidas,
eliximos a máis axeitada

NOME: NICO

DATA: 19-4-2005


DEBUXA CANTO OCUPABA DESPREGADA A CINTA DE 50 METROS



ESTAS SON AS DISTINTAS MEDIDAS QUE INDICARON OS NENOS E NENAS DA CLASE QUE PODÍA TER O PELO DA MULLER CHINESA:

VANESSA → 11 CM.
ESTELA → 12 CM.
LÍA → 12 CM.
JOSE → 50.000 CM.
ÁLVARO → 80.000 CM.
UXÍA → 10 CM.
NICO → 100 CM.
MATEO → 200 CM.
DIEGO → 100 CM.
ISAAC → 11 CM.
AMABLE → 200 CM.
IVÁN → 3°
MARCOS → 100 CM
ANTÓN → 50'80 M.
SAÚL → 89 CM.
JAVI → 26 CM.
IAGO (NON O PODÍA DICIR, PORQUE TROUXO EL A NOTICIA)
GUILLE → 14 CM.
MIGUEL → 300 CM.
ANXO → 80 M.
LAURA → 16 CM.

DEBUXA AQUÍ A MULLER CHINESA



¿CAL PENSAS QUE É A MEDIDA AXEITADA? ¿POR QUE?

ÁLVARO → 80.000

~~SE PASO~~ E ONUMERO CORETO PODE ACER
UNA CURBA GRANDE

NOME: SAUL

DATA: 19-4-2005

DEBUXA CANTO OCUPABA DESPREGADA A CINTA DE 50 METROS



ESTAS SON AS DISTINTAS MEDIDAS QUE INDICARON OS NENOS E NENAS DA CLASE QUE PODÍA TER O PELO DA MULLER CHINESA:

VANESSA → 11 CM.

ESTELA → 12 CM.

LÍA → 12 CM.

JOSE → 50.000 CM.

ÁLVARO → 80.000 CM.

UXÍA → 10 CM.

NICO → 100 CM.

MATEO → 200 CM.

DIEGO → 100 CM.

ISAAC → 11 CM.

AMABLE → 200 CM.

IVÁN → 3°

MARCOS → 100 CM

ANTÓN → 50'80 M.

SAÚL → 89 CM.

JAVI → 26 CM.

IAGO (NON O PODÍA DICIR, PORQUE TROUXO EL A NOTICIA)


GUILLE → 14 CM.

MIGUEL → 300 CM.

ANXO → 80 M.

LAURA → 16 CM.

DEBUXA AQUÍ A MULLER CHINESA




¿CAL PENSAS QUE É A MEDIDA AXEITADA? ¿POR QUE?

ALVARO → 80.000 CM PORQUE
E MOITO

NOME: MATEO

DATA: 19-4-2005


DEBUXA CANTO OCUPABA DESPREGADA A CINTA DE 50 METROS



ESTAS SON AS DISTINTAS MEDIDAS QUE INDICARON OS NENOS E NENAS DA CLASE QUE PODÍA TER O PELO DA MULLER CHINESA:

- VANESSA → 11 CM.
- ESTELA → 12 CM.
- LÍA → 12 CM.
- JOSE → 50.000 CM.
- ÁLVARO → 80.000 CM.
- UXÍA → 10 CM.
- NICO → 100 CM.
- MATEO → 200 CM.
- DIEGO → 100 CM.
- ISAAC → 11 CM.
- AMABLE → 200 CM.
- IVÁN → 3°
- MARCOS → 100 CM
- ANTÓN → 50'80 M.
- SAÚL → 89 CM.
- JAVI → 26 CM.
- IAGO (NON O PODÍA DICIR, PORQUE TROUXO EL A NOTICIA)
- GUILLE → 14 CM.
- MIGUEL → 300 CM.
- ANXO → 80 M.
- LAURA → 16 CM.

DEBUXA AQUÍ A MULLER CHINESA




¿CAL PENSAS QUE É A MEDIDA AXEITADA? ¿POR QUE? DO DMA 150
MIGUEL - O REORON MADNO F 150
3M (PORQUE NON SE PASOU SEASUEAL
E TAMÉN NON A FIZO DEBUXADO PEQUENA)

NOME: ALVARO

DATA: 19-4-2005

DEBUXA CANTO OCUPABA DESPREGADA A CINTA DE 50 METROS



ESTAS SON AS DISTINTAS MEDIDAS QUE INDICARON OS NENOS E NENAS DA CLASE QUE PODÍA TER O PELO DA MULLER CHINESA:

VANESSA → 11 CM.

ESTELA → 12 CM.

LÍA → 12 CM.

JOSE → 50.000 CM.

ÁLVARO → 80.000 CM.

UXÍA → 10 CM.

NICO → 100 CM.

MATEO → 200 CM.

DIEGO → 100 CM.

ISAAC → 11 CM.

AMABLE → 200 CM.

IVÁN/ → 3°

MARCOS → 100 CM

ANTÓN → 50'80 M.

SAÚL → 89 CM.

JAVI → 26 CM.

IAGO (NON O PODÍA DICIR, PORQUE TROUXO EL A NOTICIA)

GUILLE → 14 CM.

MIGUEL → 300 CM.

ANXO → 80 M.

LAURA → 16 CM.

DEBUXA AQUÍ A MULLER CHINESA



¿CAL PENSAS QUE É A MEDIDA AXEITADA? ¿POR QUE?

ANTÓN 50'80M PORESA POUCA
(PORQUE SE PASOU UN POUCO)


NOME: ~~JO~~ JOSE

DATA: 19-4-2005

DEBUXA CANTO OCUPABA DESPREGADA A CINTA DE 50 METROS

~~JOSE~~

~~19-4-2005~~



ESTAS SON AS DISTINTAS MEDIDAS QUE INDICARON OS NENOS E NENAS DA CLASE QUE PODÍA TER O PELO DA MULLER CHINESA:

VANESSA → 11 CM.
ESTELA → 12 CM.
LÍA → 12 CM.
JOSE → 50.000 CM.
ÁLVARO → 80.000 CM.
UXÍA → 10 CM.
NICO → 100 CM.
MATEO → 200 CM.
DIEGO → 100 CM.
ISAAC → 11 CM.
AMABLE → 200 CM.
IVÁN → 3°
MARCOS → 100 CM
ANTÓN → 50'80 M.
SAÚL → 89 CM.
JAVI → 26 CM.
IAGO (NON O PODÍA DICIR, PORQUE TROUXO EL A NOTICIA)
GUILLE → 14 CM.
MIGUEL → 300 CM.
ANXO → 80 M.
LAURA → 16 CM.

DEBUXA AQUÍ A MULLER CHINESA




¿CAL PENSAS QUE É A MEDIDA AXEITADA? ¿POR QUE?

ÁLVARO - 80000
ORE EORSSO MLOKOS (PORQUE É MÁIS ALTO)

NOME: LÍA

DATA: 19-4-2005


DEBUXA CANTO OCUPABA DESPREGADA A CINTA DE 50 METROS



ESTAS SON AS DISTINTAS MEDIDAS QUE INDICARON OS NENOS E NENAS DA CLASE QUE PODÍA TER O PELO DA MULLER CHINESA:

VANESSA → 11 CM.
ESTELA → 12 CM.
LÍA → 12 CM.
JOSE → 50.000 CM.
ÁLVARO → 80.000 CM.
UXÍA → 10 CM.
NICO → 100 CM.
MATEO → 200 CM.
DIEGO → 100 CM.
ISAAC → 11 CM.
AMABLE → 200 CM.
IVÁN → 3°
MARCOS → 100 CM
ANTÓN → 50'80 M.
SAÚL → 89 CM.
JAVI → 26 CM.
IAGO (NON O PODÍA DICIR, PORQUE TROUXO EL A NOTICIA)
GUILLE → 14 CM.
MIGUEL → 300 CM.
ANXO → 80 M.
LAURA → 16 CM.

DEBUXA AQUÍ A MULLER CHINESA



¿CAL PENSAS QUE É A MEDIDA AXEITADA? ¿POR QUE?

ANTÓN → PORKE E O QUE DIXO
ONÚMERO MARI SALTO : 50'8 M.

Pautas de avaliación	¿Canto medirá o pelo da muller chinesa?
Nivel	Ed. Infantil 5 anos Titora: Ana Castro
	<p>Expresa numericamente unha gran lonxitude</p> <ul style="list-style-type: none"> • cun número de varios díxitos • cunha grafía numérica que para ele/ela, subxectivamente, é grande • utiliza números pequenos, dun só díxito <p>Establece relacións entre as unidades de medida e a magnitude a medir</p> <ul style="list-style-type: none"> • establece algún tipo de relación, argumentando • non establece ningún tipo de relación <p>Predí, na posta en común, e a partir de cortar con fío as primeiras lonxitudes, cales serán axeitadas ou non</p> <ul style="list-style-type: none"> • é quen de facer algunha predición razoada • non é quen de facela <p>Representa graficamente a cinta de 50 metros despregada</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilizando moitas referencias espaciais e con gran precisión • Utilizando algunhas referencias espaciais • Utilizando poucas referencias espaciais <p>Elixo a medida axeitada entre todas as expostas</p> <ul style="list-style-type: none"> • con argumentos que se achegan á realidade • con argumentos lonxe da realidade • sen argumentar <p>Participa nas postas en común non participa</p> <ul style="list-style-type: none"> • non participa pero se mostra interesado/a • non participa e non mostra interese • participa, afirma, pero non explicita as súas hipóteses • explicita as súas hipóteses, non achegándose á realidade • explicita as súas hipóteses, achegándose á realidade <p>Implícase nas tarefas individuais</p> <ul style="list-style-type: none"> • con interese e esforzo • con pouco interese e esforzo



SOLUCIONAMOS UN PROBLEMA COTIÁ

Actividade	Inventar un problema matemático a partir dunha situación real cotiá
Nivel	Educación Infantil 5 anos (2004-2005) Titora: Ana Castro
Obxectivos	-Observar que na realidade cotiá estamos continuamente utilizando as matemáticas para resolver cuestións útiles, necesarias. -Habituar a non dar respostas sen sentido, a razoar antes de contestar a unha cuestión.
Organización	Tempo: 1 sesión de 30-40 minutos Espazo: aula Materiais: pizarra, xiz Agrupamento: gran grupo
Desenvolvemento das actividades	Sesión -Con motivo da reserva de praza para o vindeiro curso, pregunteilles se tódolos nenos e nenas trouxeran o papel cuberto da casa e, como algúns non estaban e outros non se lembraban, non sabiamos se o trouxeran todos e todas. -Indiqueilles que podía ser boa idea contar os papeis que tiñamos. Contamos colectivamente. En total había 17. Entón, ¿entregaron tódolos nenos e nenas da clase o papel? Concluíron que non porque saben que na clase somos 21 e argumentaron que 21 é mais que 17. - Eu escribín na pizarra a situación problemática: “Hai 17 papeis de reserva de matrícula na clase e somos 21, ¿cantos nenos/as trouxeron o papel?” Foron poñendo en común as súas hipóteses individuais e o resto dos/as compañeiros/as aceptábannas ou rexeitábannas en función da súa lóxica. Por fin descubrimos que eran 4 os/as alumnos/as que aínda tiñan que entrega-lo papel.
Comentario	Reflexionar sobre o uso das matemáticas en situacións cotiás paréceme fundamental para que eles/elas mesmos/as posteriormente, de xeito natural, utilicen diferentes estratexias para a resolución de problemas na vida real. Só o feito de que se habitúen a dar respostas argumentadas e analicen criticamente as dos/as compañeiros/as é un valor inestimable para a súa formación como persoas.

Solucionamos entre tod@s un problema real:

HAI 17 PAPEIS DE RESERVA DE MATRÍCULA NA CLASE E SOMOS 21.
¿CANTOS NEN@S TROUXERON O PAPEL?

- MATEO: “3 PAPEIS”
 - ¿POR QUE?
 - “17 E 1- 18”
 - “18 E 1 -19”
 - “19 E 1- 20”
 - ¿E SOMOS 20?
 - “NON, 21 “(TODOS)
 - MATEO: “ENTONCES, 4 PAPEIS”
-
- SAÚL: “NON, 5”
 - ¿POR QUE?
 - CONTOU COS DEDOS 17-18-19-20-21 (5)
-
- COMPROBAMOS QUE FALTAN POR TRAER O PAPEL, GUILLE, NICO, AMABLE E ISAAC.

Solucionamos entre tod@s un problema real:

PASARON 3 MESES DE 2005, ¿CANTOS MESES FALTAN POR PASAR PARA QUE REMATE O ANO?


- Os/as nenos/as teñen diante a lista de meses do ano e a diario indicamos e sinalamos en que mes estamos, á vez que facemos a reflexión sobre o número de meses que ten un ano.
- Oralmente expresan as súas hipóteses e tratan de xustificalas ante o grupo.

DENDE SETEMBRO ATA MARZO ANOTAMOS OS SEGUINTE DÍAS DE FRÍO:

0	1	2	2	3	0	0
----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------

¿CANTOS DÍAS DE FRÍO HOUBO EN TOTAL DURANTE ESTES MESES?

- Oralmente van indicando cantos días de frío houbo en total e explican ó resto dos/as compañeiros/as cal foi o proceso que seguiron para pescudalo. Consensuamos a resposta que nos parece máis axeitada.



**INVENTAMOS UN
PROBLEMA A PARTIR
DUN DEBUXO**

Actividade	Inventar un problema matemático a partir dun debuxo
Nivel	Educación Infantil 5 anos (2004-2005) Titora: Ana Castro
Obxectivos	-Habituarase á linguaxe dos problemas matemáticos. -Iniciarse na creación de situacións problemáticas, a partir dun debuxo dado.
Organización	Tempo: 1 sesión de 30-40 minutos Espazo: aula Materiais: pizarra e xiz Agrupamento: gran grupo
Desenvolvemento das actividades	Sesión - Debuxo na pizarra unha tarta de aniversario con 6 velas, 4 acendidas e dúas apagadas. Propóñolles pensar entre todos/as unha historia relacionada con esta tarta. ¿De quen é a tarta? ¿Por que lle puxeron velas? ¿Por que se apagaron algunhas? Imos escribilo como un problema matemático (vanme ditando). E agora eu fágovos a pregunta do problema. ¿cantas velas quedaron acendidas? Texto elaborado entre todos e todas: “Había unha vez uns nenos que estaban no aniversario de Rato moi baixo . Rato moi baixo cumpría 6 anos. Había tanto vento que se apagaron algunhas velas. ¿Cantas quedaron acendidas?”
Comentario	Unha vez que se habitúen á linguaxe dos problemas, debería animalos a inventar por si mesmos/as as preguntas que se lles ocorran. Tamén sería interesante propoñerlles preguntas que non se poden resolver cos datos que temos.

Inventamos entre tod@s un problema



HABÍA UNHA VEZ UNS NENOS QUE ESTABAN NO ANIVERSARIO DE RATO MOI BAIXO. RATO MOI BAIXO CUMPRÍA 6 ANOS. HABÍA TANTO VENTO QUE SE APAGARON ALGUNHAS VELAS. ¿CANTAS QUEDARON ENCENDIDAS?

(SITUACIÓN PROBLEMÁTICA INVENTADA ENTRE TOD@S A PARTIR DUN DEBUXO)

Pautas de avaliación	Solucionamos un problema matemático a partir dunha situación real cotiá
Nivel	Ed. Infantil 5 anos Titora: Ana Castro
	<p>Expresa as estratexias utilizadas para resolve-lo problema</p> <ul style="list-style-type: none"> • explicita as súas hipóteses, achegándose á realidade • explicita as súas hipóteses, non achegándose á realidade • participa, afirma, pero non explicita as súas hipóteses • non participa pero se mostra interesado/a • non participa e non mostra interese

Pautas de avaliación	Inventamos un problema matemático a partir dun debuxo
Nivel	Ed. Infantil 5 anos Titora: Ana Castro
	<p>Participa na elaboración de hipóteses a partir do debuxo</p> <ul style="list-style-type: none"> • participa argumentando • participa, afirma, pero non argumenta • non participa pero se mostra interesado/a • non participa e non mostra interese



FAI MOITO FRÍO!!

Actividade	¡Fai moito frío!
Nivel	Educación Infantil 5 anos (2004-2005) Titora: Ana Castro
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> -Expresar que entenden por “ola de frío”e se escoitaron estes días algunha información ó respecto. -Observar e comparar as diferentes temperaturas que hai dentro e fóra da escola. -Establecer relacións entre a estación do ano e a temperatura. -Representar graficamente as variacións de temperatura.
Organización	<p>Tempo: 3 sesións de 30-40 minutos</p> <p>Espazo: aula de 5 anos</p> <p>Materiais: ordenador con conexión a internet, termómetro ambiental, cartolina, plástico adhesivo, rotuladores</p> <p>Agrupamento: individual-gran grupo-parellas</p>
Desenvolvemento das actividades	<p>1ª sesión</p> <p>-Na actividade rutineira de sinalar o tempo, pregunteilles se hoxe e estes últimos días notaban pouco ou moito frío, se escoitaron na televisión que estabamos a padecer unha ola de frío polar e se sabían que era iso. Expresaron as súas hipóteses e informacións.</p> <p>- Como a ola de frío procedía de Siberia, preguntáronme canto frío faría no polo norte e se faría mais frío no polo norte ou no polo sur. Indiqueilles que non o sabía pero que podíamos buscar en internet, así fixemos e comprobamos que é no polo sur onde se teñen rexistrado as temperaturas máis baixas de todo o planeta.</p> <p>2ª sesión:</p> <p>-Busco no colexio un termómetro ambiental, observámolo atentamente en gran grupo, facendo fincapé en que hai números sobre cero e baixo cero.</p> <p>-Tra-la conversa, por parellas debuxan un termómetro, sen te-lo mesmo diante.</p> <p>-Propóñolles rexistra-la temperatura exterior e interior cada día. Eles/elas, por suposto, aceptan encantados/as.</p> <p>3ª sesión e sucesivas:</p> <p>-Nun termómetro dado, sinalan a temperatura exterior e interior que rexistramos hoxe e por detrás da folla indican as temperaturas mínimas rexistradas nos polos.</p> <p>-Posta en común: ¿podería ser correcta a temperatura exterior e interior que rexistrou ...? O importante non era que acertasen a temperatura rexistrada, o importante era que a exterior fose inferior á interior e que o argumentasen.</p> <p>-Cada día o/a encargado/a da clase debe rexistrar nunha gráfica, que elaborei a tal fin, a temperatura que hai no patio da escola e a temperatura que hai dentro da clase. Aproveitamos para reflexionar: ¿onde hai mais temperatura? ¿onde hai menos? ¿cantos graos máis hai dentro da escola? (axudados coa representación gráfica das temperaturas que eu lles debuxo)</p> <p>¿por que na clase hai máis temperatura? ¿que pasaría se apagásemos a calefacción? Hoxe hai pouca diferenza entre a temperatura de dentro e a de fóra, ¿estará acendida a calefacción? ¿por que? ¿en que estación estamos? ¿ten que ver a estación na que estamos con que estea acendida ou apagada a calefacción?</p> <p>-Moitas veces, estas preguntas formúlollas como problemas matemáticos, escritos no encerado, para que se habitúen a esa linguaxe.</p>
Comentario	Un traballo que nos quedou pendente foi comproba-la evolución da gráfica das temperaturas ó longo das estacións, quedará para outro curso.

A decorative border of candy corns surrounds the text. The border is composed of small, stylized candy corns in yellow, orange, and white, arranged in a repeating pattern around the perimeter of the page.

**Por parellas debuxamos un
termómetro e sinalamos a
temperatura dentro da escola, fóra
e nos Polos**

RAVIER ANTO

DENTRO DA ESCOLA

DENTRO DA ESCOLA

O ABAO
FÓRA DA ESCOLA

O ANTO

OS O AOS

45

5

4

2

4

5

3

2

1

6

6

5

4

3

4

4

4

4

4

4


4

4

POLO NORTE

POLO SUR

ÁLVARO IAGO



JOSE
ISAAC




A O E F Q
DENTRO DO COLE

FÓRA DA ESCOLA
A N E F O

-40 NO POLO NORTE
-80 NO POLO SUR

LAURA
UXIA



FORA DA ESCOLA

DENTRO DA ESCOLA

~~XXXXXXXXXX~~
POLO NORTE


PLSOS

POLO SUR

MARCOS




ESTELA



FIN

MATEO

S AUL




TOAE DA
 FORA DA ESCOLA

~~SOAAEDA~~
~~DOAEQAO~~
 DENTRO DA ESCOLA

POLO SUR
 POLO NORTE

ANTON



FORA DA
DE DENTRO
OTA

ESVOLA
DAESC


RORADA
ESCOLA

DENTRO
DA ESCOLA

POLO
NORTE


POLO
SUR

DIEG
GUILLE



MIGUEL

L1A



NICOLAS

CON ESTOFA

- 90°

80°

70°

60°

50°

40°

30°

20°

10°

FUBRA
ARJUN




POLONORTE

- 40°

- 80°

POLOSUR




A decorative border of candy corns surrounds the text. The border is composed of small, stylized candy corns in yellow, orange, and white, arranged in a repeating pattern along the edges of the page.


**Nun termómetro dado, sinalamos a
temperatura rexistrada ese día
dentro e fóra da escola**

NOME: **ALVARO**

DATA: **3-3-2005**




MARCA NO TERMÔMETRO A TEMPERATURA QUE HAVIA FÓRA E DENTRO DA CLASE:




ESCRIBO POR DETRÁS A TEMPERATURA MINIMA REXISTRADA NO POLO NORTE E NO POLO SUR.

NOME : JOSE

DATA: 3-3-2005



MARCA NO TERMÔMETRO A TEMPERATURA QUE HAVIA FÓRA E DENTRO DA CLASE:




16 OFA
FORA

6 DRAOA
DENTRO


ESCRIBO POR DETRÁS A TEMPERATURA MÍNIMA REXISTRADA NO POLO NORTE E NO POLO SUR.

NOME: ISAAC

DATA: 3-3-2005



MARCA NO TERMÔMETRO A TEMPERATURA QUE HABIA FORA E DENTRO DA CLASE:



16 LAITXOA

6 OES.VCUA


ESCRIBO POR DETRÁS A TEMPERATURA MINIMA REGISTRADA NO POLO NORTE E NO POLO SUR.

NOME : LIA

DATA: 3-3-2005




MARCA NO TERMÔMETRO A TEMPERATURA QUE HABIA FÓRA E DENTRO DA CLASE:



ESCRIBO POR DETRÁS A TEMPERATURA MINIMA REXISTRADA NO POLO NORTE E NO POLO SUR.

Sinalamos nunha gráfica a temperatura do colexio, exterior e interior




Pautas de avaliación	¡Fai moito frío!
Nivel	Ed. Infantil 5 anos Titora: Ana Castro
	<p>Representan por parellas graficamente o termómetro</p> <ul style="list-style-type: none"> • situando os elementos fundamentais do mesmo con bastante precisión e sinalando as temperaturas das que falamos de xeito coherente (temperaturas dentro, fóra da escola, no polo norte e no polo sur) • situando os elementos fundamentais do mesmo con bastante precisión e tendo dificultades para situar as temperaturas das que falamos • situando con dificultade os elementos fundamentais do termómetro e as temperaturas mencionadas <p>Relaciona maior temperatura- interior do colexio (calefacción) e menor temperatura -exterior do colexio (sen calefacción)</p> <ul style="list-style-type: none"> • indica que hai menos temperatura fóra e máis dentro, argumentando • indica que hai máis temperatura fóra e menos dentro ou viceversa e non xustifica a súa hipótese <p>Participa nas postas en común</p> <ul style="list-style-type: none"> • non participa pero se mostra interesado/a • non participa e non mostra interese • participa, afirma, pero non explicita as súas hipóteses • explicita as súas hipóteses, non achegándose á realidade • explicita as súas hipóteses, achegándose á realidade <p>Implícase nas tarefas individuais</p> <ul style="list-style-type: none"> • con interese e esforzo • con pouco interese e esforzo <p>Implícase no traballo por parellas</p> <ul style="list-style-type: none"> • colabora, intenta chegar a acordos • adopta unha actitude pasiva • non colabora e dificulta o traballo común



¿CANTO MEDIMOS?

Actividade	¿Canto medimos?
Nivel	Educación Infantil 5 anos (2004-2005) Titora: Ana Castro
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Observar que a altura é un elemento que caracteriza as persoas. -Facer predicións, comparacións e ordenacións en relación coa altura propia e dos/das compañeiros/as. - Reflexionar sobre o feito de que ser máis alto ou ser máis baixo non nos fai ser mellores nin peores.
Organización	<p>Tempo: varias sesións de 30-40 minutos</p> <p>Espazo: aula de 5 anos</p> <p>Materiais: papel, lapis, cartolinas, rotuladores, altímetro, fichas</p> <p>Agrupamento: parellas-gran grupo-pequeno grupo</p>
Desenvolvemento das actividades	<p>1ª sesión</p> <p>-A partir dunha conversa espontánea entre dous nenos na que discutían cal era máis alto dos dous, propúxenlles facer un pequeno proxecto de matemáticas sobre o tema.</p> <p>- Entregueilles a cada parella unha ficha dividida en dúas partes onde tiñan que debuxar, unha vez que se puxesen de acordo, nun lado o/a neno/a da clase que consideraban o/a máis alto/a e noutro lado o/a neno/a máis baixo/a.</p> <p>-En gran grupo tomamos nota do que pensaba cada parella, observando que, mentres que respecto ó máis alto a resposta era unánime, respecto ó/a máis baixo/a había diferentes opinións.</p> <p>2ª sesión:</p> <p>- Pregunteilles como podíamos determinar que parella tiña razón respecto a cal era o/a neno/a máis baixo/a da clase. Eles/elas indicaron que comparándonos, poñéndonos un de pé a carón doutro. Fixémolo con Iván, ó que todos/as consideraban o máis alto, e así foi, comprobámolo. Pero, cando comparamos os/as que eran os/as máis baixiños/as, houbo un problema, que algúns parecían ter a mesma altura, ¿como podíamos solucionar esta cuestión?</p> <p>3ª sesión:</p> <p>-Recordaron que no ximnasio había un aparato para medirse. Esa podía ser a solución ós nosos problemas. Fun buscalo e medimos ós/ás nenos/as que eran obxecto de discusión. Unha vez anotadas as medidas na pizarra, determinaron que Antón era o máis baixiño porque, dos díxitos que non eran iguais ós dos demais, el tiña o máis pequeno de todos.</p> <p>-Prepareilles unha sorpresa, entregueilles unha medalla de ouro ó máis baixo e o máis alto, para que ningún dos dous se sentise mal por ser diferente. Aproveitei a ocasión para conversar con eles sobre este tema e falar de que a diferenza é moi interesante porque se todos fósemos iguais sería moi aburrido, Iván ten unhas cualidades que non ten Antón e Antón ten outras que non ten Iván. É salientable, como anécdota, que Iván, sendo o máis alto, o cal lle gustaría a moitos/as, é un neno/a con dificultades na linguaxe.</p> <p>4ª-5ª- 6ª sesión:</p> <p>- Fomos medíndonos por grupos. Anotamos as medidas en papeis e, en pequeno grupo, interactuando con eles/elas, foron ordenando de menor a maior as alturas dos membros que o compoñen. Escribímolo nunha cartolina.</p> <p>7ª sesión:</p> <p>-Entregueilles a cada parella unha ficha onde aparecía unha escaleira con tantos pasos como nenos/as había no seu grupo, e por outra banda os nomes e medidas propios e de cada compañeiro/a da súa mesa. Tiñan que poñerse de acordo e pegalos ordenadamente. Unha vez rematado, tiñan que comprobar a ordenación no panel que elaboramos por grupo e corrixir os erros.</p>
Comentario	Penso que o tema das diferenzas de altura e peso crea moitos problemas de autoestima nalgúns/as nenos/as. É importante, dende o meu punto de vista, tratar esta cuestión con naturalidade e transmitirilles que a diversidade, as diferenzas, son unha característica da natureza que hai que respectar e valorar como positivas.



**Por parellas predicimos cal será
o/a máis alto/a –baixo/a da clase**

FICHA POR PARELLAS


NOMES:

JOSÉ

MATEO



O / A MÁIS ALTO/A DA CLASE




FACEMOS



O / A MÁIS BAIXO/A DA CLASE

GUILTERMO



PREDICCIÓNS

FICHA POR PARELLAS
NOMES:

FACEMOS PREDICÇÕES

<p>↑ O/A MÁIS ALTO/A DA CLASE</p> <p>GUILLE</p>	<p>↓ O/A MÁIS BAIXO/A DA CLASE</p> <p>LIA</p>
	

PUN IVAN

GAS JAVI

FICHA POR PARELLAS


NOMES: NICO

ANTÓN




O / A MÁIS ALTO/A DA CLASE

IAN (IVÁN)



O / A MÁIS BAIXO/A DA CLASE

~~GIERMO~~ (GUILLERMO)



FACEMOS

PREDICIÓN S

FICHA POR PARELLAS

NOMES:

MARCOS

ESTELA




O / A MÁIS ALTO/A DA CLASE

ANA



O / A MÁIS BAIXO/A DA CLASE

AXB (ANXO)




FACEMOS

PREDICCIÓNS

Comparámonos, para saber quen é máis alto/a:






**Comparámonos co neno máis alto
da clase**

Nico

NICO MI DIENOS EL AON
IVAN




DEBUXAMONOS

MEDINBONOS

MIGUEL IGTUL

TIUMGUE^L

MIGUEL MIDIÉNDOSE CON IVÁN



DEBUXÁMONOS

MEDÍNDO NOS

O A Z X O

(O MÁIS ALTO E O MÁIS BAIXO)



DEBUXÁMONOS

MEDÍNDONOS

Temos un problema: 3 nenos parecen medir igual.




Comprobamos se miden o mesmo:



Iván é o máis alto, Adrián é o máis baixo:





**Ordenamos os nenos e nenas do
noso grupo pola altura**

ORDENAMOS OS NENOS E NENAS DO GRUPO POLA ALTURA

NOMES:

SAÚL LAURA


IVÁN
119 CM

SAÚL
108 CM

GUILLE
104 CM

ANXO
106 CM

LAURA
103 CM



ORDENAMOS OS MENOS E NENAS DO GRUPO POLA ALTURA

NOMES:

LÍA

MIGUEL

MARCOS

117 CM

LÍA

114 CM

NICO


116 CM

MIGUEL


113 CM

VANESSA

109 CM



Pautas de avaliación	¿Canto medimos?
Nivel	Ed. Infantil 5 anos Titora: Ana Castro
	<p>Establecen por parellas predicións respecto ó máis alto e o máis baixo da clase</p> <ul style="list-style-type: none"> • sendo coherentes coa realidade (elixindo un neno/a alto/a para o/a máis alto/a, e baixo/a para o/a máis baixo/a), aínda que a resposta non sexa a correcta • non sendo coherentes coa realidade <p>Representa graficamente a situación na que estaban comparándose</p> <ul style="list-style-type: none"> • considerando quen dos dous resultou se-lo máis alto e quen o máis baixo • sen considerar quen dos dous resultou se-lo máis alto e que o máis baixo • non foi quen de representar a diferenza de altura <p>Compara números de tres díxitos</p> <ul style="list-style-type: none"> • observan regularidades e buscan algún criterio para comparalos • observan as regularidades pero non son quen de establecer algún criterio para comparalos • non observan regularidades nin establecen criterios de comparación <p>Considera as diferenzas de altura</p> <ul style="list-style-type: none"> • como un feito natural, como unha calidade persoal • valora negativamente ser moi baixo ou moi alto <p>Autoavalían por grupos a ordenación das alturas dos membros que o compoñen</p> <ul style="list-style-type: none"> • comparan sen dificultade a súa ordenación coa consensuada entre todos e todas e descubren, se as hai, as diferenzas • teñen dificultades para comparar as dúas ordenacións e establecer diferenzas <p>Participa nos traballos grupais</p> <ul style="list-style-type: none"> • colabora coa mestra e cos compañeiros/as • ten unha actitude pasiva • dificulta o traballo grupal <p>Participa nas postas en común</p> <ul style="list-style-type: none"> • non participa pero se mostra interesado/a • non participa e non mostra interese • participa, afirma, pero non explicita as súas hipóteses • explicita as súas hipóteses, non achegándose á realidade • explicita as súas hipóteses, achegándose á realidade <p>Implícase nas tarefas individuais</p> <ul style="list-style-type: none"> • con interese e esforzo • con pouco interese e esforzo



**¿CANTO LIXO
RECOLLIMOS DO
PATIO DE RECREO?**

Actividade	¿Canto lixo recollimos do patio de recreo?
Nivel	Educación Infantil 5 anos (2004-2005) Titora: Ana Castro
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> -Reflexionar sobre a necesidade de mante-lo patio limpo, a partir da observación e da interpretación colectiva dun texto aparecido por sorpresa na aula. -Clasificar o tipo de lixo atopado no patio de recreo -Predicir canto pesará o lixo recollido expresando a unidade de medida correspondente, tendo en conta o que pesa a bolsa collida coa man. -Determinar que predicións foron as máis axeitadas e por que. -Cumprimentar entre todos/as o rexistro que apareceu na clase e reflexionar sobre a súa finalidade: rexistrar a recollida de lixo por clases.
Organización	<p>Tempo: 4 sesións de 30-40 minutos</p> <p>Espazo: aula, patio de recreo</p> <p>Materiais: pizarra, xiz, bolsa de lixo, luvas plásticas para cada neno/a, rotulador, fotocopia ampliada do caderno, báscula</p> <p>Agrupamento: gran grupo-individual</p>
Desenvolvemento das actividades	<p>1ª Sesión</p> <ul style="list-style-type: none"> -Por sorpresa aparece na clase un caderno. Escribo na pizarra o que di na portada e, entre todos e todas, interpretamo-lo texto a partir de indicios ata chegar a un descifrado convencional e determinar que temos que facer con el. -Falamos da necesidade de recoller o lixo do patio e como se evitaría ese traballo se todos e todas colaborásemos día a día. <p>2ª Sesión</p> <ul style="list-style-type: none"> -Provistos de luvas plásticas e tras escoitar as miñas recomendacións sobre non coller obxectos perigosos, levamos a cabo a recollida de lixo. <p>3ª Sesión</p> <ul style="list-style-type: none"> -Clasificamos os tipos de lixo que atopamos e, collendo en peso a bolsa, predín canto cren que pesará. -Comprobamos coa báscula que pesa 1 kilo 200 gr. -Reflexionamos sobre se é un peso considerable e se, en consecuencia, somos coidadosos ou non á hora de saír ó patio e tirar nas papeleiras os desperdicios. <p>4ª Sesión</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vou lendo, coa colaboración de todos/as, os datos que temos que cumprimentar, colectivamente, decidimos que escribimos.
Comentario	O feito de pesar o lixo recollido e rexistrar estes datos pode facerlles reflexionar que o total é importante, pero á vez pode levarlles a pensar que cada un de nós contribuímos a que ese total teña a significatividade que ten.

¿Para que será este caderno que apareceu na clase?

A mestra escribe na pizarra o que di na portada do caderno:

RECOLLIDA
DE
RESIDUOS
DO
PATIO
DE
RECREO

- CADA QUEN TEN QUE INTENTAR LER EN SILENCIO O QUE DI (Ana)
- ¿ALGUÉN PODE DICIRNOS ALGO QUE LEU? (Ana)
- AQUÍ DI “RECUNCHOS” , SINALANDO “RESIDUOS” (IAGO)
- ¿POR QUE? (Ana)
- PORQUE EMPEZA POR R (Iago)
- Comparamos a escritura de recunchos e residuos e concluimos que non pode dicir o mesmo porque só algunhas letras son iguais.
- EU SEI QUE DI “DE”, PORQUE LIN SOPA **DE** RATO E DICÍA “DE” (MIGUEL)
- ¿HAI ALGÚN OUTRO SITIO ONDE DIGA “DE”? (Ana)
- SI, AQUÍ, SINALANDO “**DE** RECREO” (Miguel)
- EU SEI QUE AQUÍ DI FURAFOLLAS, SINALANDO “RECOLLIDA”
- NON (Todos)
- ¿POR QUE NON? (Profe Ana)
- PORQUE “FURAFOLLAS” EMPEZA POR F (Diego)
- IMOS COMPARAR FURAFOLLAS-RECOLLIDA. SE EMPEZASE POR R, ¿QUE DIRÍA? (Ana)
- “RURAFOLLAS” (Diego)

- SEI OUTRA COUSA, AQUÍ DI “DO” (Mateo)
- ¿POR QUE? (Ana)
- ...
- IMOS PEDIRLLE A UNHA NENA QUE LE ALGO MAIS RÁPIDO QUE NOS LEA QUE DI AQUÍ (Ana)
- DI “RECOLLIDA” (Laura)
- DE RECOLLER (Todos)
- É COMO RECOLLER UNHA SEÑORA (Saúl)
- IMOS LER O QUE DESCUBRIMOS:
“RECOLLIDA...DE...DO...DE...” (Ana)
- ¿QUE DIRÁ AQUÍ?, SINALANDO “PATIO” (Ana)
- DI DEMO PORQUE EMPEZA POR O (Estela)
- DIRÁS, TERMINA POR O. IMOS COMPARAR: DEMO-PATIO (Ana)
- IMOS PEDIRLLE A OUTRO/A NENO/A QUE NOS LEA RÁPIDO ESA PALABRA (Ana)
- PATIO (Vanessa)
- “RECOLLIDA DE...DO PATIO DE...”
- ¿QUE PODEMOS RECOLLER NO PATIO? (Ana)
- ZUMES, FOLLAS, LIXO, RECUNCHOS...(Entre todos/as)
- ¿RECUNCHOS? (Ana)
- EMPEZA POR R PERO NO PATIO NON SE PODEN RECOLLER RECUNCHOS (Ana)
- VOUVOS DICIR QUE PALABRA É PORQUE Ó MELLOR NON A COÑECEDES. “RESIDUOS”, QUE SIGNIFICA LIXO
- ENTÓN, “RECOLLIDA DE RESIDUOS DO PATIO DE...” (Ana)
- AÍ DI “RECUNCHOS”, (Antón)
- ¿DO PATIO DE RECUNCHOS? (Ana)
- RECREO (Javi)
- XA DESCUBRIMOS PARA QUE SERVE ESTE CADERNO: É PARA ANOTAR A RECOLLIDA DE RESIDUOS (LIXO) DO PATIO DE RECREO.

¿Que lixo había no patio?

- PLÁSTICOS
- PAPEL PRATA
- MONDAS
- PAPEL
- “CACHO BOCATA”
- ENVASES
- LAMBETADA
- CÁSCARAS (PIPAS, PISTACHOS, MANISES...)
- PAPEL CAMELO
- PAVAS
- CRISTAL
- LATAS

¿Canto pensamos que pesa a bolsa de lixo do patio?

Collen a bolsa de lixo en peso e predín canto pesará.

- 10 KILOS (Isaac)
- 14 KILOS (Anxo)
- 16 KILOS (Mateo)
- 2 KILOS (Iago)
- 2 KILOS (Laura)
- 2 GRAMOS (Vanessa) Diego comenta: “Acordouse de cando pesabamos o millo”
- 2 GRAMOS (Miguel)
- 2 KILOS (Jóse)
- 1 KILO (Estela)
- 4 KILOS (Guille)
- 1 KILO (Lía), “¡É que non pesa nada!”
- 5 KILOS (Marcos)
- 8 KILOS (Diego)
- 22 KILOS (Amable)
- 260 KILOS (Antón)
- 1 KILO (Uxía)
- 30 KILOS (Saúl)
- PAVAS
- CRISTAL
- LATAS

Pesamos o lixo que recollimos no patio:



A Rúa

CURSO 2004-05



RECOLLIDA DE RESIDUOS

DATA: VENRES / 8 / ABRIL / 2005

CURSO QUE FAI A RECOLLIDA: 5 ANOS

PAPPI	BOLSAS PLÁSTICO	ENVOLTORIOS	PAPPI ALUMINIO
X	X	X	X
BOTES	ORGÁNICOS	CRISTAIS	OUTROS
X	X	X	X

PESO: 1Kg200g

(Comentarios por detrás)

Pautas de avaliación	Recollemos o lixo do patio de recreo
Nivel	Ed. Infantil 5 anos Titora: Ana Castro
	<p>Predí o peso da bolsa de lixo</p> <ul style="list-style-type: none"> • sinala unha pesada probable e utiliza unha unidade de medida axeitada para calcular pesos • sinala unha pesada probable pero non utiliza unha unidade de medida axeitada para calcular pesos • sinala unha pesada improbable e utiliza unha unidade de medida axeitada para calcular pesos • sinala unha pesada improbable e non utiliza unha unidade de medida axeitada para calcular pesos <p>Participa nas postas en común</p> <ul style="list-style-type: none"> • non participa pero se mostra interesado/a • non participa e non mostra interese • participa, afirma, pero non explicita as súas hipóteses • explicita as súas hipóteses, non achegándose á realidade • explicita as súas hipóteses, achegándose á realidade